

Festival da Canción do Grove

Festa do Marisco 2014

BASES

Baixo o patrocinio do Ilmo. Concello do Grove, a Comisión Organizadora da LI Festa do Marisco convoca o **Festival da Canción do Grove**, que se desenvolverá os días 8 e 9 de outubro de 2014 no Pavillón de Congresos e Exposicións da Illa da Toxa, con arranxo ás seguintes bases:

Primeira. Poderán participar todos aqueles compositores e cantantes que así o desexen, maiores de idade ou menores con autorización expresa dos seus pais ou titores legais. A participación poderá ser de xeito individual ou en grupos, cun máximo de 8 compoñentes.

Todo participante menor de 18 anos deberá contar coa debida autorización dos seus pais (ou titores legais, de ser o seu caso) para participar no concurso. É por iso que debe completar a autorización e enviala co resto da documentación, acompañándoa dunha fotocopia do DNI do pai, nai ou titor asinante. A organización resérvase o dereito de solicitar a autorización tanto á hora da inscrición como durante o concurso.

Segunda. As cancións interpretadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Serán orixinais e inéditas.
- A súa temática será libre.
- Non deberán conter mensaxes publicitarias ou promocionais, nin sequera indirectamente.
- Non conterán elementos que supoñan unha violación da lei ou lesionen os dereitos de terceiros, manténdose a organización do Festival exenta e indemne de calquera perturbación, pretensión ou reivindicación de indemnización por danos ou perdas a terceiros neste senso.
- A lingua en que se interpretarán poderá ser a galega ou a castelá.

Terceira. Para participaren neste festival, as persoas aspirantes deberán encher o impreso de inscrición e xuntarlle un breve currículo e unha fotocopia do DNI.

Xunto coa solicitude, tamén deberán presentar un CD, DVD, *pendrive*, etc. que inclúa a gravación das **dúas cancións** obrigatorias, cos arranxos que estimen necesarios, e coas partituras dos temas, se for preciso.

Toda a documentación deberá presentarse ou enviarse por correo ao seguinte enderezo:

Festival da Canción do Grove
Festa do Marisco 2014
Concello do Grove. Concellería de Cultura
Praza do Corgo, 1
36980 O Grove
Pontevedra

Cuarta. O período de admisión das cancións comezará a partir da data de publicación das presentes bases na páxina web municipal (www.concellodogrove.com) e finalizará ás 12.00 horas do día 30 de setembro de 2014.

Quinta. O xurado establecido para o Festival seleccionará, de entre as solicitudes recibidas, un máximo de quince (15) participantes que intervirán na **semifinal** do día 8 de outubro de 2014. O ditame do xurado comunicáraselles ás persoas seleccionadas coa suficiente antelación.

Sexta. Logo dunha votación emitida polo xurado presente no Festival, os dez (10) primeiros clasificados pasarán á **final**, que terá lugar o día 9 de outubro de 2014.

Sétima. A orde de actuación, tanto para o día 8 (semifinal) como para o 9 (final), decidirse nun sorteo que efectuará a organización, en presenza do xurado, e comunicáraselles a todas as persoas participantes.

Oitava. Cada concursante ou grupo de concursantes seleccionados interpretará **só un tema**, elixido previamente pola organización do Festival. Obrigatoriamente, a voz terá que ser en rigoroso directo, e poderá acompañarse de música gravada ou de instrumentos propios: guitarra, piano, etc. Os soportes sonoros de acompañamento (sons pregravados) deberán ter a suficiente calidade técnica.

Quen participe terá á súa disposición un espazo designado pola organización e polos técnicos de son para realizar ensaios previos nos mesmos días das actuacións á hora que determine a comisión organizadora (pola mañá ou pola tarde, sempre antes do comezo do Festival).

Novena. A Comisión Organizadora do Festival resérvase o dereito de poder retransmitir a través de TV ou radio, en directo ou diferido, as sesións deste, sen que ningún compositor, autor, intérprete ou artista participante poida considerarse con dereito a indemnización ningunha.

Décima. A Comisión Organizadora establece os seguintes **premios**, co patrocinio do Ilmo. Concello do Grove e a través da Concellería de Cultura:

- 1.º premio: 1800 € e mais un trofeo
- 1.º accésit: 600 € e mais un trofeo
- 2.º accésit: 600 € e mais un trofeo.

Décimo primeira. A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste certame. Calquera dúbida con respecto á aplicación ou interpretación destas bases será resolta pola organización do Festival.

Décimo segunda. A participación neste festival implica a total aceptación das presentes bases e o ditame do xurado, que será inapelable. O premio poderase declarar deserto de non existiren obras de calidade adecuada a xuízo do xurado.

FESTIVAL DA CANCIÓN DO GROVE

FESTA DO MARISCO 2014

FOLLA DE INSCRICIÓN

Datos do/a intérprete/s:

NOME: _____

APELIDOS: _____

NIF: _____ TELÉFONO/S: _____

ENDEREZO: _____

POBOACIÓN: _____ CP: _____

CORREO ELECTRÓNICO: _____

INDIVIDUAL ☐ GRUPO ☐ NÚM. DE INTEGRANTES: _____

Datos das cancións:

TÍTULO 1.ª CANCIÓN: _____

LINGUA: _____ DURACIÓN: _____

TÍTULO 2.ª CANCIÓN: _____

LINGUA: _____ DURACIÓN: _____

Observacións: os/as intérpretes deben indicar de que instrumento/s veñen acompañados e o seu RIDER.

Esta inscrición non terá validez se non se lle xunta toda a documentación que se solicita nas bases do Festival.

Declaro que lin, comprendo e acepto na súa totalidade as bases do Festival da Canción do Grove.

O Grove, _____ de _____ de 2014

(Sinatura)

Festival da Canción do Grove

Festa do Marisco 2014

Autorización para os/as participantes menores de idade

Don/Dona _____, pai/nai ou
titor/a legal de _____,
certifica que é consciente de que o/a seu/súa fillo/a ou pupilo/a vai participar no Festival
da Canción do Grove.

Así mesmo, certifica que o/a menor se compromete a cumprir cos seguintes puntos:

- Respetar e coidar o contorno, os materiais e dispositivos necesarios para o bo funcionamento do Festival.
- Acatar as normas que a organización do Festival da Canción do Grove estipulou para o concurso en que está participando.

Sabendo todo isto, se o/a pai/nai ou titor/a legal accede a asinar esta autorización de consentimento, deberá acompañala dunha fotocopia do seu DNI e do/a menor para asegurarlle e garantirlle á organización o total consentimento para a participación do/a menor ao seu cargo no mencionado certame.

O Grove _____ de _____ de _____

Nome e sinatura do pai/nai ou titor/a legal

Nome e sinatura do/a participante

DNI do pai/nai ou titor/a legal:

DNI do/a participante: